



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E NOVE DE OUTUBRO DE 2020, CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES/AS ASISTENTES:**

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D <sup>a</sup> . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D <sup>a</sup> . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D <sup>a</sup> . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D <sup>a</sup> . RAQUEL SANGIAO DURÁN
	D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D <sup>a</sup> . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e nove de outubro de dous mil vinte, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores. (30/09/2020)**

Dáse conta da acta do pleno celebrado o día 30/09/2020 na que se realiza a seguinte corrección:

Nos rogos e preguntas: 8º.- Respecto á compra de once pantallas de protección para a COVID-19 á empresa Ricarsat, pregunta se algún membro do equipo de goberno ten algún tipo de relación familiar ou comercial con esa empresa. Pregunta tamén por que non o fixeron cunha empresa local.

Debe dicir: 8º.- Respecto á compra de once pantallas de protección para a COVID-19 á empresa Ricarsat, pregunta se algún membro do equipo de goberno ten algún tipo de relación familiar ou laboral con esa empresa. Pregunta tamén por que non o fixeron cunha empresa local.



Logo de feita a corrección apróbbase por unanimidade dos asistentes.

**2º.- Aprobación, se procede, das bases reguladoras das axudas para o ensino e o transporte do Concello de Vedra. Curso escolar 2020/2021.**

Dáse conta das bases reguladoras das axudas para o ensino e o transporte do Concello de Vedra para o curso escolar 2020/2021.

O Sr. Costa Carneiro do PP di que que é unha nova convocatoria para este curso, na que se intentou introducir melloras tendo en conta o que se aprendeu de convocatorias anteriores. Hai cambios propostos polos técnicos que intentan facilitar a tramitación por parte das familias e tamén a xestión polo concello.

Este ano inclúen como subvencionable máscaras por mor da pandemia, xa que son obrigatorias para os escolares.

Incrementan un 50% as contías das axudas e que en calquera caso, se algunha familia tivese dificultade e non puidera acceder a elas, o concello dispón doutras vías, sempre na procura de que ningún alumno ou alumna vise prexudicado o seu dereito á educación. Por outro lado sinala que son compatibles con outras axudas doutras administracións.

Pregunta dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, se non se van incluír as súas propostas feitas en comisión, como o material informático.

O Sr. Costa Carneiro, do PP, responde que si, como acordaron na comisión, pero que esas propostas vanse concretar nun anexo que se vai incorporar ás bases.

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, anuncia o voto a favor do seu grupo.

Posta a votación, apróbbase por unanimidade.

**3º.- Aprobación, se procede, do expediente de modificación de créditos núm. 20/2020.**

Dáse conta do informe da comisión de economía e especial de contas do día 27/10/2020.

Visto que mediante Providencia da Alcaldía do 19/10/2020, acordouse o inicio da tramitación do expediente administrativo de modificación de crédito mediante transferencias de crédito por importe de 11.000,00 € solicitándose informe de intervención.

Visto o informe de intervención do 20/10/2020 no que se establece que a transferencia, tal e como se estrutura, prodúcese entre aplicacións a distintas áreas de gasto, polo que o órgano competente para a súa aprobación é o Pleno do Concello, en aplicación do disposto no artigo 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se



aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, 40.3 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, e da base 10ª das de execución do orzamento do concello do ano 2020.

Tendo en conta o anterior e a documentación que obra no expediente 2020/T002/000020, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 20/2020 na modalidade de transferencia de crédito entre aplicacións pertencentes a diferentes áreas de gasto e que non afectan a aplicacións de persoal, por importe acumulado de 11.000,00 euros de acordo co seguinte detalle:

**TRANSFERENCIAS ENTRE APLICACIÓNS PERTENCENTES Á DISTINTA ÁREA DE GASTO**

Aplicacións que ceden crédito.

Aplicación	Destino	Crédito a ceder
011.91300	Débeda pública. Amortización préstamo longo prazo	5.500,00 €
011.31000	Débeda pública. Xuros préstamo longo prazo	1.000,00 €
341.22609	Promoción do deporte. Actividades deportivas	4.500,00 €

TOTAL: 11.000,00 €

Aplicacións que reciben crédito.

Aplicación	Destino	Crédito a ceder
920.62500	Admón. xeral. Investimentos equipos para procesos de información.	11.000,00 €

TOTAL: 11.000,00 €

**SEGUNDO.-** Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia de Coruña, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentaran reclamacións. En caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

A Presidencia di que é unha modificación para acometer de xeito urxente as melloras informáticas relacionadas co Pleno e algunha cuestión máis que estaba pendente nalgún outro departamento do concello.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, anuncia a abstención do seu grupo.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que tamén se van abster e gustaríalle que lles facilitaran aos grupos da oposición a desagregación dese investimento.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco abstencións do PSdeG-PSOE e BNG.

4º.- Aprobación, se procede, da modificación do destino de créditos liberados en préstamo bancario.



Dáse conta do informe da comisión informativa de economía e especial de contas do 27/10/2020.

Visto que con data 24 de outubro de 2018 o Pleno da Corporación acordou en sesión ordinaria a aprobación das bases reguladoras da adxudicación de operación de préstamo a longo prazo para o financiamento do investimento “Colectores Xerais e EDAR en Vedra”.

Visto que con data 15 de novembro de 2018 a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, acordou concertar a operación de préstamo por importe de 500.000 euros e cun prazo de 10 anos, sendo o primeiro ano de carencia, para o financiamento do investimento “Colectores Xerais e EDAR en Vedra” coa entidade Banco Sabadell, S.A., con CIF A08000143, por ser a mellor oferta.

Visto que con data 26 de abril de 2019, a Deputación Provincial de A Coruña aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019, no que se incluíu o investimento denominado “Colectores xerais e EDAR de Vedra”, para o seu financiamento por importe de 149.177,38 euros con cargo ao préstamo provincial.

Visto que, tendo en conta o anterior, e expirado o ano de carencia, o Concello de Vedra solicitou ao Banco Sabadell, S.A., o 28 de novembro de 2019 a disposición de 350.822,62 euros, consolidando o préstamo polo dito importe, e que quedou afectado, xunto co financiamento da Deputación (149.177,38 euros) ao proxecto de gasto 2018/2/EDAR/1.

Visto que por Resolución da alcaldía núm. 530/2020 do 29 de setembro de 2020, adxudicouse a Espina y Delfín ,S.L., con NIF núm. B15026693 o contrato de obras de Colectores Xerais e EDAR en Vedra por importe de 376.861,93 euros IVE incluído.

Visto que a baixa producida nesta adxudicación supón que 123.138,07 euros dos créditos xerados con cargo ao préstamo coa entidade bancaria Sabadell, deixan de ser financiamento necesario para o investimento “Colectores Xerais e EDAR en Vedra”.

Visto que o Concello de Vedra ten outorgada unha subvención do Instituto para a diversificación e aforro da enerxía (IDAE) para o investimento de “Renovacións das instalacións de alumeadado público” e visto que para a súa percepción íntegra o Concello ten que ter aboado o importe total do dito investimento á empresa adxudicataria do mesmo.

Visto que o pagamento anticipado do dito investimento no só implicaría a percepción íntegra da subvención do IDAE, que supón o 80% do custe do investimento, senón tamén un aforro moi importante no custo da iluminación pública ao minimizarse o importe repercutido do canon asociado ao mesmo.

Vista a posibilidade de modificar o destino dos créditos liberados no proxecto de gasto 2018/2/EDAR/1 e destinalos ao proxecto de gasto 2018/2/ALUME/1 por tratarse en ambos casos de gastos de capital (investimentos reais) e que financian servizos considerados mínimos obrigatorios polo artigo 26.1. da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (saneamento e iluminación pública), propónse a adopción do seguinte ACORDO:



**PRIMEIRO.-** Aprobar a desafectación dos créditos xerados pola concertación do préstamo coa entidade Banco Sabadell, S.A., con CIF A08000143 para investimento “Colectores Xerais e EDAR en Vedra” e configurado no proxecto de gasto 2018/2/EDAR/1 polo importe da baixa na adxudicación do dito investimento, que ascende a 123.138,07 euros .

**SEGUNDO.-** Aprobar o cambio de destino dos créditos liberados no proxecto de gasto 2018/2/EDAR/1 (123.138,07 euros) e a súa afectación ao investimento “Renovación das instalacións de alumado público”, configurado no proxecto de gasto 2018/2/ALUME/1. A Presidencia di que cando se acometeu a reforma integral da iluminación pública a través dunha ESE (empresa de servizos enerxéticos) que se encargou de cambiar toda a iluminación, facer a inversión, e faise cargo do pago da electricidade, a garantía total e o mantemento, divídese en varias prestacións. Unha delas é a P4 que é a relacionada coa inversión. Esa inversión ten un custe aproximado de un millón de € (957.000 €), para a que se obtivo unha subvención do 80% por parte do IDAE a fondo perdido (preto de 770.000 €) o que supón unha operación fantástica para o concello.

É certo que o concello ten que pagar o 20% restante, que veñen sendo uns 190.000 € a 12 anos. A intención do equipo de goberno é xustificar a subvención no ano 2021, porque para poder cobrar esa subvención hai que pagar a cota íntegra desa P4.

O grupo de goberno quere facelo de xeito inmediato porque así obteñen os aforros e a liquidez. Esa P4 son uns 85.000 € anuais, co cal sese adxudicou por 215.000€ anuais, só se pagarían a partir de agora uns 130.000 € anuais por todo iso.

Sinala que a dificultade que tiñan eran eses 190.000 € a maiores da subvención e por conta do concello. Algo desa P4 xa se foi pagando neste primeiro ano, e unha vez que se adxudicou o equipamento da depuradora de Vedra, libéranse aproximadamente uns 123.000 € o que permite ter esa cantidade para facer o pago do 100% da inversión en relación á iluminación. Deste xeito, só faltarían arredor de 40.000 € que se intentarían axustar nos orzamentos do 2021.

Cre que é unha operación moi boa para que o concello o ano que vén obteña un aforro anual duns 85.000 € na iluminación pública, parcialmente no 2021, e a partir desa data de xeito total.

Por outro lado, isto non afecta para nada ao préstamo bancario que se solicitou no seu momento para o tema da depuradora. Deses 500.000 €, so se dispuxeron 350.000 €, dos cales xa se amortizaron 200.000 €, polo que a día de hoxe só quedarían pendentes dese préstamo co banco uns 157.342 €.

Solicita o apoio para realizar esta modificación.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que ela fixo unha pregunta en pleno sobre esta cuestión e a Presidencia respondéralle que eses cartos mentres non se dispuxeran deles non se pagaban e agora di que xa se devolveron 200.000€.

A Presidencia responde que non é o mesmo dispoñer que pagar. É unha cuestión técnica. Hai unha parte dese préstamo da que non se vai dispoñer e hai unha parte do POS e do PAE da Deputación que xa se utilizou para amortizar unha parte do préstamo.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que entón é grazas aos fondos da Deputación que o grupo de goberno destinou á amortización e préstamos e non a



inversión como lle solicitara o seu grupo no seu momento. Grazas ás baixas que se producen nas mesas de contratación, mentres non baixe a calidade das obras, vai facer un transvasamento de cartos para esa operación. Di que o seu grupo investiría os cartos doutro xeito.

Anuncia a abstención do seu grupo.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que unha depuradora que tiña un orzamento de 500.000€ ten unha baixa temeraria de 130.000€ e paa a custar 370.000€. Pregunta se o grupo de goberno é consciente do que custa unha EDAR e se segue sendo encapsulada, porque está a 70 metros dunha casa e a 200 metros da aldea enteira. Dubida que esa EDAR chegue para os 500 habitantes equivalentes (seguindo a normativa) que tiñan previsto, porque só a aldea e os membros do CPI de Vedra xa a van saturar. Sinala que deixar de pagar a uns para pagar a outros non lle parece correcto.

Anuncia a abstención do seu grupo e que farán un seguimento desa infraestrutura.

A Presidencia di que o grupo de goberno xa está acostumado ás críticas preventivas e parécelle correcto que a oposición faga o seguimento das obras. Matiza que a equivalencia en habitantes, respecto dos membros do CPI, non é un a un.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco abstencións do PSdeG-PSOE e BNG.

**5º.- Aprobación , se procede, da modificación da ordenanza fiscal núm. 13, reguladora da taxa da rede de sumidoiros.**

Dáse conta do informe da comisión informativa de economía e especial de contas do 27/10/2020.

Visto o custe do servizo municipal da rede de sumidoiros e depuración deste Concello, e o déficit do seu financiamento.

En virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, proponse :

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación dos artigos 2.b e 5 (tarifas) da ordenanza fiscal núm. 13 reguladora da taxa por sumidoiros, quedando redactados so seguinte xeito:

FEITO IMPOÑIBLE (Artigo 2.b): A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais,e través da rede de sumidoiros municipal, así como o seu tratamento e depuración.

COTA TRIBUTARIA (Artigo5): A cota desta taxa, será a cantidade fixa ou tarifa establecida na seguinte táboa para cada un dos epígrafes descritos:

Epígrafe	Tarifa (Euros / ano)
1. Vivendas	66,00





## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



2. Locais e establecementos (academias de ensino, escolas infantís, garderías, colexios, centros de día e residencias, hoteis, hospedaxes, casas de turismo rural, bares, cafeterías, tabernas, restaurantes e casas de comida, obradoiros e fornos de pan, panaderías, comercios e tendas de venda por xunto e polo miúdo de produtos de calquera tipo, talleres de vehículos, maquinaria, electrodomésticos, estacións de lavado e engraxe de vehículos, estacións de servizo ou gasoleiras, fábricas e industrias de todo tipo, estudos e oficinas, despachos profesionais, librerías e papelerías, oficinas bancarias, farmacias, clínicas, centros de saúde, ximnacios, barberías, salóns de peiteado e de beleza, salas de xogo, salas de festas e discotecas, clubs, pubs).	90,00
3. Locais e establecementos baleiros ou pechados (terán a tarifa aplicable ao epígrafe 2, reducida nun 50%)	45,00
4. Outros locais e establecementos de actividades e negocios, ou instalacións, non contemplados no epígrafe 2	90,00

SEGUNDO.- Someter a información pública o acordo mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios da casa do Concello, durante o prazo de trinta días hábiles, contados a partires do día seguinte ao da publicación do mesmo, para que os interesados poidan examinar o correspondente expediente e presentar as alegacións oportunas.

TERCEIRO.- No caso de que non se presenten alegacións ao expediente, no prazo anteriormente citado, o acordo entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co establecido no artigo 17.3 do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais.

A Presidencia di que, como xa anunciara noutras ocasións, existen taxas de servizos que había que revisar, e neste caso hai un desfase moi grande, posto que desde que se redactara esa ordenanza nunca se modificara.

Os datos obxectivos son os seguintes: o custe do servizo son 111.000€ a día de hoxe, no que están incluídos a subministración de electricidade, a xestión de saneamento e depuración das depuradoras e colectores, unha pequena parte da repercusión no persoal administrativo de xestión tributaria, contabilidade e tesourería, etc. A recadación pola taxa ascende a 19.840€, nin o 20%. O padrón fiscal deste ano son 577 vivendas. Cre que un recibo de 33€/vivenda por sumidoiros é ridículo.

En concellos limítrofes como o de Teo, onde está relacionado co consumo de auga, o mínimo son 50€, e a máis consumo de auga máis sobea tarifa. En Boqueixón son máis de 20€ por trimestre, o que ao longo do ano superaos 80€.



A pesares da subida, que en porcentaxe pode parecer moito pasar de 33€ a 66€ por vivenda e nos locais de 54€ a 90€, na realidade sgué sendo un prezo moi económico. Con esta subida achégase ao 40% do custe, o 60% restante terá que asumilo o concello. Gustaríalle que comprendan a decisión e que se abstiveran na votación.

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, di que nos últimos meses subiron as tarifas da ludoteca, da escola infantil e agora o saneamento. Cre que este non é o momento, senón que é o momento de apoiar e axudar ás familias. Anuncia que o seu grupo vaise abster.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que van votar en contra. Di que o grupo de goberno xa fixo o mesmo cando foi a anterior crise, na que subiron todo o que podían subir, e agora fan o mesmo. Lamenta a falta de sensibilidade de cara aos veciños de Vedra.

Intervén de novo dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, para dicir que con esta subida vanse ingresar nas arcas municipais 20.000€ máis, que son os que saen das arcas municipais para pagar a dedicación exclusiva do Sr. González Couto. Rectifica e di que o seu grupo vai votar en contra.

A Presidencia di que xa imaxinaba o voto en contra, pero non que usaran o criterio da sensibilidade cos que peor o pasan, pois precisamente van facer falta moitos recursos para atender a esas persoas e cre que hai que comezar a facer redistribución social. Con esa subida de 33€ a 66€ ao ano e axustando custes, o concello pode permitirse ter recursos para atender a quen verdadeiramente o vai pasar mal a partir do ano que vén e rógalles que non confundan á xente.

Intervén de novo o Sr. Pose Rodríguez, do BNG, para recordar que o concello funcionou durante décadas sen ter tres dedicacións exclusivas e solicita que lles expliquen aos veciños para que son necesarios eses 20.000€.

Posta a votación, apróbbase con oito votos a favor do PP e cinco en contra do PSdeG-PSOE e BNG.

**6º.- Aprobación, se procede, do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela.**

Dáse conta do informe da comisión informativa de economía e especial de contas do 27/10/2020 no que consta o convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela.





A Presidencia di que o transporte metropolitano foi concibido entre a Xunta de Galicia e os concellos das principais aglomeracións urbanas de Galicia para fomentar unha mobilidade máis sostible.

Na área de Compostela son uns 18 concellos, no marco deste convenio no ano 2018 a Xunta de Galicia achegou o 81% dos custes e os concellos o 19% restante. Cre que é un servizo imprescindible.

Di que na zona sur de Santiago, que é a que lle afecta a Vedra, hai unhas melloras moi importantes e espera que comece a finais de ano ou a principios do 2021.

Na zona interior do concello, de luns a venres, pasarase de 14 expedicións diarias a 42, na fin de semana de 4 a 18 e no corredor da N-525 aumentan as franxas, sobre todo unha que era moi demandada, que era a das 21:30 horas vindo de Santiago.

Con este novo mapa do transporte, Vedra gozará desas vantaxes (prezo da viaxe, tarxeta xente nova, gratuidade no primeiro salto, etc)

Solicita o apoio a dito convenio.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que en xeral están de acordo co convenio e están desexando ver cando entra en vigor o novo mapa de transporte. Anuncia o voto a favor do seu grupo.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que van votar en contra, non porque non estean de acordo co convenio, senón por como está construído en si mesmo o convenio.

Recórdalles que se construíu un mapa de transporte e cando saíron as concesións quedouse con todo a empresa Monbus, e as UTES en situación de escravitude para as empresas que aceptaran ir con eles. De feito en Vedra quebraron todas menos Seoane, que a aceptou e xa se verá o tempo que é capaz de aguantar. Polo tanto, hai unha única empresa concesionaria de todo o transporte e ningunha competencia sobre estas liñas.

Tamén recorda que o BNG presentara unha moción para realizar un intercambiador entre Vedra e Boqueixón na Susana, e nesa moción hai 2 parágrafos que lles permite incorporar esa infraestrutura dentro do convenio.

Respecto do convenio en si mesmo, os cadros de prezos de compensación dependen da consellería correspondente, e sen embargo ten que ser a comisión de seguimento a que está habilitada para aumentar ese cadro de prezos. Resulta que en dita comisión, a consellería ten o 50% do voto ponderado, co cal teme que haxa un incremento do cadro de prezos en breve. A culpa dese incremento váiselle cargar aos concellos, cando o voto lle vai pertencer á Xunta de Galicia.



Outro dos problemas do convenio é que os concellos a través deste convenio comprométese a cubrir o gasto real dos servizos no caso de que ese gasto real se incremente. O problema é que hai unha única empresa concesionaria e non existe competencia, polo que non se vai saber de ningunha maneira se ese gasto real, que van pagar os concellos, é correcto ou non.

Tamén se menciona no convenio que os concellos participantes asumen o compromiso expreso de instalación, mantemento e conservación de infraestruturas do transporte metropolitano así como a difusión pública e singularmente do emprazamento e renovación das marquesiñas. O PP deixou claro na comisión informativa que o concello baixo ningún concepto pensa instalar as marquesiñas que faltan nas paradas e con isto o que fan é perpetuar a situación de desigualdade entre as parroquias e as aldeas.

Por último, di que no convenio non figuran expresamente as funcións da comisión de seguimento. Para el esas funcións serían a de incrementar as tarifas de cadros de prezos e a asunción de sobre custes derivados do gasto real dos servizos por parte os concellos.

Recórdalle que o grupo de goberno se comprometeu a revisar os horarios dos autobuses e como coincidían cos horarios dos institutos de Santiago. Agora mesmo é unha catástrofe, xa que só poden entrar e saír á súa hora os alumnos de Pontepedriña. Solicita que revisen os horarios.

A Presidencia di que cando se traballou, debateu e discutiu o novo mapa de transporte, coas súas liñas e horarios, chamaron aos institutos e faláron con elas para que se tivera no novo mapa de transporte en conta os seus horarios á hora de establecer as liñas de subida e baixada de Santiago. Polo tanto, o novo mapa de transporte que vai entrar en vigor e que afecta a Vedra, vai cos horarios que os centros lles facilitaron no ano 2018.

Apunta que se cadra ten que haber unha coordinación nos institutos e se fan unha modificación horaria deberían preguntar polos horarios dos autobuses.

Respecto á moción presentada polo BNG, di que Vedra e Boqueixón chegaron a un acordo, pero Santiago non, e é preciso ese acordo para o intercambiador.

No que respecta ao incremento dos prezos, gustaríalle que os concellos tivesen máis poder de decisión, pero entende a posición de quen asume o pago de máis do 80% do transporte metropolitano.

No tema das marquesiñas e publicidade de horarios e liñas, di que é un traballo que van ter que facer e queren facer. Se agora se conseguiu unha demanda histórica e queren que funcione ben, terán que dotar as marquesiñas precisas, puntos de información, etc.



O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que a Presidencia non leu correctamente o convenio, xa que o gasto real do servizo e incremento correspóndelles aos concellos.

A Presidencia pregúntalle se se refire aos servizos municipais ou intermunicipais.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que respecto do intercambiador en A Susana non sabe realmente se Santiago o quere realizar ou non. De non querer, gustaríalle coñecer os motivos.

A Presidencia respóndelle que falta unha parte, que é Santiago, que se lle enviou a proposta e documentación e non obtiveron resposta ata o momento.

Respecto das marquesiñas di que terán que facer unha inversión e que o estudarán. No concello solicitaróñse marquesiñas nalgúns puntos e comprobaron que despois de colocadas non se usaban. Ademais, cre que van ter unha función importante de publicidade de liñas, horarios, etc.

Posta a votación apróbase con once votos a favor do PP e do PSdeG-PSOE e dous en contra do BNG.

**7º.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal Popular para instar ao goberno a que ingrese as contías do IVE non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017, como consecuencia da implantación do subministro inmediato de información (SII).**

Dáse conta do informe da comisión informativa de economía e especial de contas do 27/10/2020 no que se expón que no ano 2017 a AEAT implantou un novo sistema de xestión do IVE baseado no Subministro Inmediato de Información 8SII9 que posibilita levar case inmediata dos rexistros de facturación a través da Sede Electrónica da AEAT.

Este novo sistema de recadación da xestión do IVE provocou un desprazamento de ingresos ao exercicio 2018, por un valor de 4.150 millóns de euros, provocando unha caída na participación dos concellos nos Ingresos Tributarios do Estado, que no caso das 4 deputacións e 313 concellos galegos supuxeron a cifra de 750 millóns de euros.

O desaxuste contable debeu ser compensado no exercicio da liquidación, sen embargo aconteceu o contrario, obrigóuselle ás entidades locais a reintegrar unhas importantes contías ao estado en virtude dunha liquidación viciada polo efecto do SII.

No caso de Vedra, a estimación de ingresos a conta do ano 2017 foi de 941.539,04 euros e a participación nos ITE reduciuse a 914.833,33 euros, o que obrigou a reintegrarlle ao Estado 26.705,71 euros; polo tanto o Estado debería devolver esta contía, así como ingresar os 21.386,31 euros que corresponderían pola liquidación na PIT, o que suporía un total de 48.092,03 euros.



A FEGAMP e a FEMP xa reclamaron en varias ocasións ao Ministerio de Facenda unha solución a esta problemática, asegurando os seus representantes que non tiña xustificación real.

Dada a situación inxusta e prexudicial para os concellos que ven diminuída a súa capacidade de financiamento e os seus recursos, proponse:

**PRIMEIRO.-** Declarar o apoio deste Concello ás reivindicacións da FEGAMP e da FEMP para que o Goberno de España ingrese ás entidades locais as contías do Imposto sobre do Valor Engadido (IVE) non liquidadas, correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do Subministro Inmediato de Información (SII).

**SEGUNDO.-** Instar ao Ministerio de Facenda a que ingrese a este Concello 48.092,03 euros en concepto de cantidade non liquidada de IVE correspondente ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do SII.

**TERCEIRO.-** Dar traslado destes acordos ao Ministerio de Facenda, á Xunta de Galicia, a FEGAMP e á FEMP.

A Presidencia di que no ano 2017 cambiouse o tema do IVE e só contabilizaron once meses do ano, non os doce. Iso supuxo que en vez de ingresar o concello 21.386€ a maiores, sacáronlle ao concello 26.000€. Este tema xa foi reclamado pola FEMP e FEGAMP.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que esta moción é só para facer ruído. O problema do IVE foi creado polo Sr. Montoro no ano 2017 e a Xunta de Galicia naquel momento non dixo nada. É un problema que afecta a todos os concellos de España e o PSOE tentou arranxalo nos orzamentos do ano 2019. De feito, unha das propostas que fixo foi que unha anualidade contara con 13 meses, algo que ao PP de Madrid lle pareceu un escándalo. Todas as medidas que o PSOE puxo enriba da mesa para solucionar este problema que creou o PP foron rexeitadas.

Por outro lado, o goberno cumpre coa lexislación vixente herdada do PP. Cómpre solucionar este problema herdado, pero pregunta se debe facerse no marco dos orzamentos do 2020 ou vía reforma do sistema de financiación autonómica que está desfasado, polo que propón unha emenda a esta moción:

“A xunta de voceiros da FEGAMP na súa sesión ordinaria celebrada o 13/10/2020 adoptou por unanimidade, entre outros, o seguinte acordo:

- 1.- Instar ao Goberno de Galicia a habilitar, de maneira inmediata, un fondo extraordinario para as entidades locais que garanta facer fronte a todas as necesidades postas de manifesto pola crise da COVID-19.
- 2.- Instar ao Goberno do Estado ao seguinte:



- a) Habilitar, de maneira inmediata, un fondo extraordinario para as entidades locais que garanta facer fronte ás necesidades postas de manifesto pola crise da COVID-19.
- b) Conforme ao acordo adoptado por unanimidade na Asemblea Xeral da FEGAMP o día 29/11/2020, reitérase a solicitude para que se adopten fórmulas para compensar as perdas na liquidación definitiva da PIE correspondente ao ano 2017.
- c) Modificar a lexislación en materia de estabilidade financeira que afecta ás entidades locais en consonancia cos acordos adoptados na asemblea xeral da FEGAMP do día 29/11/2020.”

Por outro lado, chámalle a atención que o grupo de goberno teña tan ben contabilizado todo o que o Estado lle debe ao concello e gustaríalle que fixeran o mesmo co que lle debe a Xunta de Galicia ao concello. O PP votou en contra dunha moción presentada polo grupo socialista na que solicitaban unha financiación máis correcta e a devolución do que a Xunta de Galicia lle debe ao concello e agora vén con isto.

Di que non van votar a favor de algo que non se pode facer e se o PP quere facer ruído non vai contar co grupo socialista.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, din que apoiarán a moción, pero que iso é un problema que se xerou dende o PP e agora o mesmo PP pide que se arranxe, cando se puido solucionar hai anos co goberno do PP.

Intervén a Presidencia para aclarar que el tamén lle bota a culpa ao Sr. Montoro, aínda que sexa do PP, se ben é certo que no ano 2018 xa gobernaba o PSOE en Madrid. Non sabe se legalmente se pode ou non, pero cre que si é posible porque aos concellos lles deben moitos cartos e solicita que o Estado habilite as partidas correspondentes para compensar ese IVE.

Di que non ten problema en que se vote a favor da moción e a emenda.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que ou se vota unha ou a outra, pero non as dúas xuntas.

A Presidencia solicita que se voten e aproben as dúas propostas. A proposta é votar a favor deste acordo, e o que presenta o PSdeG-PSOE, como se fora un acordo a maiores, por urxencia, e aproveitan o pleno para ratificalo. Di que votarán a favor como el mesmo fixo na comisión executiva da FEGAMP.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que a discusión vén polas contías do IVE non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017, e se non cambian o concepto non se soluciona nada.

A Presidencia di que o propio título explica porque lle reclaman 48.000€ ao Estado.



Posta a votación, apróbase con 10 votos a favor do PP e BNG e tres en contra do PSdeG-PSOE.

**8.- Acordo, se procede, sobre moción do PSdeG-PSOE, para o apoiar os acordos adoptados na Xunta de Voceiros da FEGAMP na súa sesión ordinaria celebrada o día 13 de outubro de 2020**

Solicítase a urxencia deste punto na orde do día, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

Dáse conta da moción que di: “A xunta de voceiros da FEGAMP na súa sesión ordinaria celebrada o 13/10/2020 adoptou por unanimidade, entre outros, o seguinte acordo:

- 1.- Instar ao Goberno de Galicia a habilitar, de maneira inmediata, un fondo extraordinario para as entidades locais que garanta facer fronte a todas as necesidades postas de manifesto pola crise da COVID-19.
- 2.- Instar ao Goberno do Estado ao seguinte:
  - a) Habilitar, de maneira inmediata, un fondo extraordinario para as entidades locais que garanta facer fronte ás necesidades postas de manifesto pola crise da COVID-19.
  - b) Conforme ao acordo adoptado por unanimidade na Asemblea Xeral da FEGAMP o día 29/11/2020, reitérase a solicitude para que se adopten fórmulas para compensar as perdas na liquidación definitiva da PIE correspondente ao ano 2017.
  - c) Modificar a lexislación en materia de estabilidade financeira que afecta ás entidades locais en consonancia cos acordos adoptados na asemblea xeral da FEGAMP do día 29/11/2020.”

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, sinala que é unha emenda á moción que se acaba de presentar e aprobar.

Presentan esta moción para que lle reintegren ao concello eses cartos.

Solicita o apoio a dita moción

A Presidencia di que entende que aínda que no título da moción poña emenda, non pode ser porque é un punto diferente na orde do día. Votarán a favor dos puntos todos acordados pola FEGAMP porque están de acordo, e así o fixo el na comisión executiva da mesma. O obxectivo é que devolvan os cartos dende Madrid.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que o seu grupo votará a favor.

Posta a votación, apróbase por unanimidade.

**9º.- Dar conta do Período Medio de Pago.**

Dáse conta que o Período Medio de Pago global a provedores do 3º trimestre de 2020 é de 35,56 días.





**10º.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal do BNG sobre da regularización da tributación dos emigrantes retornados.**

Solicítase a urxencia deste punto na orde do día, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

Dáse conta da citada moción na que se expón que o colectivo de emigrantes retornados galegos leva anos loitando contra da inxustiza na aplicación da tributación das súas pensións, agrupándose dende o ano 2013 en plataformas comarcais para reivindicar xustiza e dignidade.

A grande mobilización social conseguiu que moitos recuperaron o perdido a través da disposición adicional da Lei 26/2014, de 27 de novembro, pero aínda así hoxe continúan graves problemas de inxustiza fiscal que requiren modificar a Lei 35/2006, que regula o Imposto sobre das rendas das persoas físicas (IRPF) para conseguir un trato xusto, e que se estipulen normas claras, precisas e sobre todo xustas e igualitarias para a tributación das pensións recibidas no estranxeiro.

En xaneiro de 2020 o colectivo de emigrantes retornados ollou con esperanza o acordo impulsado polo BNG para votar favorablemente a investidura de Pedro Sánchez, que recollía que durante este ano serían adoptadas as medidas necesarias para evitar que as prestacións recibidas dende o estranxeiro por emigrantes retornados sufran unha dobre tributación, co obxectivo de evitar calquera trato discriminatorio entre a prestación interna e a estranxeira e que se trataría o prexuízo para os pensionistas tanto na aplicación de limiares diferentes de renda para tributar no IRPF, como na circunstancia de recibir rendas de dous pagadores diferentes, establecendo un marco homoxéneo para todas as pensións, contemplando as exencións de presentar IRPF e tributación a partir das mesmas cantidades que as pensións internas.

Polo que se propón ao Concello de Vedra que exprese o apoio ás demandas dos emigrantes retornados, asumíndoas como propias, e dirixíndose ao goberno central, particularmente ao Ministerio de Facenda, así como ao Congreso das e dos Deputados para esixir a atención ás necesidades do colectivo de emigrantes retornados e acelerar o cumprimento do compromiso de adoptar, durante este 2020, as medidas necesarias para evitar que as prestacións recibidas dende o estranxeiro sufran unha dobre tributación, co obxectivo de evitar un trato discriminatorio entre a prestación interna e a estranxeira.

Esta discriminación trátase do prexuízo para os pensionistas tanto na aplicación de limiares diferentes de renda para tributar no IRPF, como na circunstancia de recibir rendas de dous pagadores diferentes.



Solicítase polo tanto, que se estableza un marco homoxéneo para todas as pensións, contemplando as exencións de presentar o IRPF e tributación a partir das mesmas cantidades que as pensións internas.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que este é un tema no que levan loitando dende o seu partido bastante tempo, e como se pode apreciar na moción, xa se acordou co goberno central que se faría o posible para que os emigrantes retornados teñan unha tributación homoxénea cos outros pensionistas, porque ata agora mesmo estanlle cobrando o dobre e ademais solicitábanlles os cartos con efecto retroactivo dende o ano 2017. Di que é un prexuízo grande para moitas persoas, sobre todo en Galicia sendo un país emigrante, e máis nestes tempos.

Solicita o voto a favor.

Tanto a Presidencia como a portavoz do PSdeG-PSOE di que votarán a favor.

Posta a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

**11º.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal do BNG sobre da reactivación da asistencia sanitaria.**

Solicítase a urxencia deste punto na orde do día, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

Dáse conta da citada moción na que se expón que a pandemia ocasionada pola COVID-19 puxo de relevo que precisamos dun sistema sanitario público forte, cunha atención primaria reforzada como porta de entrada, sen recortes, que permita responder ás necesidades de saúde da poboación e na que o persoal sanitario conte con recursos para que as persoas doentes poidan recibir a atención que precisan en cada momento e estar ben concibido para abordar as emerxencias sanitarias cando xurdan.

A Xunta de Galicia, ante a pandemia, tomou a decisión de reducir drasticamente a asistencia presencial, restrinxir consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas nos hospitais, centrando preferentemente a atención na consulta telefónica, ocasionando moitas dificultades tanto ao persoal sanitario como no acceso da poboación á mesma.

Á sobrecarga de traballo que xa padecía o persoal de atención primaria, engadíronselle coa COVID-19, tarefas de diagnóstico, atención telefónica e carga burocrática, con consecuencias desastrosas, con escasísimos profesionais que están ao límite, listas de espera de semanas, incluso para consulta telefónica que está xerando que cada vez máis persoas estean acudindo á sanidade privada.



Cómpre desconfinar a sanidade pública e reactivar a atención presencial con máis persoal, máis información e máis accesibilidade, e dar respostas ás demandas de atención pola COVID-19 e máis ao resto das patoloxías.

Polo que se propón instar á Xunta de Galicia a:

PRIMEIRO.- Realizar de inmediato todas as accións precisas para activar a atención presencial en Atención Primaria para dar resposta ás demandas de atención pola COVID-19, máis tamén ao resto das patoloxías e rematar coas listas de espera neste nivel asistencial, co persoal e as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á poboación. Establecer protocolos claros e unificados para a atención presencial de doentes para toda a atención primaria.

SEGUNDO.- Aumentar nos centros de saúde o número de profesionais que sexa preciso para permitir aumentar o tempo e a calidade de atención asistencial, así como incorporar as categorías profesionais imprescindibles para formar equipos multidisciplinares e prestar unha atención integral en: psicoloxía clínica, terapias ocupacionais, logopedia, podoloxía, ...

TERCEIRO.- Aumentar os orzamentos destinados á atención primaria ata chegar ao 25%, no inmediato 200 millóns de euros.

CUARTO.- Modificar o decreto que regula as áreas e os distritos sanitarios para crear unha estrutura de xestión da atención primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.

QUINTO.- Publicar de inmediato a situación das listas de espera hospitalaria e poñer en marcha un plan de choque para reducilas.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que aos centros de saúde van todos, sexan da cor política que sexan. O BNG apoiou o que parecía lóxico ao inicio da crise da COVID-19, no que era imprescindible realizar certas medidas nos centros de saúde e atención primaria e que funcionaron ben. Agora mesmo non ten sentido que permanezan as mesmas ferramentas que se usaron nun caso de excepción.

Solicita na moción a incorporación de novos sanitarios, protocolos diferenciados e específicos, etc. nos centros de saúde e atención primaria.

Interésalle que aproben a moción na parte da resolución porque todos son usuarios da atención primaria e este debe ser un servizo de calidade.

A Presidencia di que cre que o Sergas é un dos mellores servizos sanitarios de España e de Europa, e hai que ser conscientes de que non é un servizo infinito e que os sistemas teñen os seus límites e tamén as súas disfuncións.

Galicia conta cun Plan galego de atención primaria no período 2019-2021 que consta de sete liñas estratéxicas, con 52 obxectivos e 200 accións cun orzamento específico de



máis de 102 millóns de euros e que inclúe a creación de 331 novas prazas na categoría de atención primaria.

Este plan recolle na súa primeira liña estratéxica a dotación de recursos humanos de atención primaria adaptando o número de prazas ás características epidemiolóxicas e demográficas. No verán de 2019 creáronse 29 prazas de médico de familia, 45 novas prazas de enfermería de atención primaria e durante o ano 2019 incorporáronse 249 médicos de atención primaria.

Sempre se mantivo a atención presencial de todos estes centros, pero con motivo da pandemia introduciuse unha valoración a través dunha chamada telefónica da necesidade da consulta presencial. É un medida razoable, prudente e non exclusiva de Galicia. Esta cita telefónica previa ten o obxectivo de detectar as persoas con sintomatoloxía compatible coa infección da COVID-19, facilitar a detección precoz e diminuír o risco de transmisión.

Agora está nun momento complicado, na segunda vaga, e é imprescindible que as persoas que teñen esa sintomatoloxía compatible coa COVID-19, non circulen, e que unicamente acudan aos centros sanitarios para a atención presencial só cando sexa necesario, garantindo sempre as condicións de seguridade para pacientes e profesionais.

As consecuencias da pandemia, tanto na necesidade de reducir no posible o contacto físico, como nas novas tarefas que desenvolven os profesionais con motivo deses cambios, supuxeron nos pacientes cambios na prestación sanitaria nos últimos meses.

Concretamente no centro de saúde de Vedra, ata o momento non houbo un índice elevado de infección de veciños con COVID-19. Tampouco se sufriron baixas laborais no persoal do centro de saúde a pesares das incomodidades e limitacións ás que esta nova forma os obriga. No centro de saúde de Vedra, dende o primeiro día, sempre estivo a asistencia presencial aos enfermos que o necesitaban.

É certo que hai que pasar pola incomodidade do filtro previo telefónico, pero unha vez que os pacientes falan co profesional, a criterio do médico, non da administración, decide se é preciso a consulta no centro.

Ese control de acceso non é un capricho nin das autoridades nin do persoal médico do centro de saúde, senón que ten como único obxectivo non acumular pacientes na sala de espera e evitar posibles contaxios.

Tamén é verdade que existen problemas co contacto telefónico, xa que só hai unha profesional para atender o teléfono, tramites administrativos, etc. e iso debe mellorarse. Nese sentido, estase tramitando a posibilidade de contar cunha persoa a maiores, como xa se fixo algún día, e a idea é que sexa de xeito permanente mentres dure esta situación. Tamén se atopan outras limitacións como o feito de ter unha soa liña telefónica.



Os profesionais médicos non están de acordo en recuperar a atención presencial xenérica, porque precisamente o motivo básico de limitar ese acceso é a protección do paciente e a dos propios profesionais. Se un profesional se contaxia saen perdendo todos co peche do centro de saúde.

Dende o inicio da pandemia non se deixou de prestar asistencia presencial ningún día, sendo a media de pacientes de xeito presencial superior aos 50 por día.

Proponlle ao BNG unha emenda transaccional que di o seguinte:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a que siga desenvolvendo o Plan galego de atención primaria 2019-2021 e mantendo o seu compromiso coa dotación de medios humanos e materiais suficientes e necesarios na rede de atención primaria de Galicia.

2º.- Instar á Xunta de Galicia, no caso concreto do centro de saúde de Vedra, a resolver de forma urxente o reforzo e mellora da atención telefónica e administrativa cos medios materiais e humanos que sexan precisos.”

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que os datos manifestan que as políticas de recortes dos últimos anos levaron a que Galicia afronte a situación actual cun problema de persoal grave no sistema sanitario público, xa que é a terceira peor comunidade autónoma en cociente de médicos por habitante (450 x 100.000 habitantes) e tamén con peor cociente de enfermeiros por paciente (5,4% por cada 1.000 habitantes).

Xa antes da pandemia, colectivos sanitarios, sindicatos e partidos políticos reclamaban máis inversión na sanidade pública.

Cre que a atención primaria é moi mellorable así como que se debe mellorar a atención presencial e anuncia o voto a favor da moción.

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, di que nas creacións de postos que mencionou a Presidencia non falou de pediatras. Gustaríalle saber se ten coñecemento de se o vindeiro martes o concello de Vedra seguirá contando coa cobertura dun pediatra.

A Presidencia respóndelle que si.

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta se sabe como se realiza a atención presencial no centro de saúde cando alguén se atopa mal. Se unha persoa acode ao centro de saúde nesas circunstancias ten que explicar diante de todos os presentes o motivo da consulta. Por outro lado, o feito de esperar fóra está moi ben, pero no inverno ás 8:00 horas esperar fóra para as analíticas ou sintrom non é o máis correcto.



O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que era previsible a resposta da Presidencia, máis se o informador do centro de saúde é Antonio, que participou na estrutura da sanidade do PP.

Esta moción é un documento de partido, elaborada por médicos que pertencen á estrutura do BNG, e a realidade non se parece en nada ao que dixo a Presidencia.

Respecto da atención telefónica, parécelle normal que fagan un cribado para que non entren pacientes con COVID-19, pero non é correcto que fagan consulta telefónica.

A Presidencia responde que a situación de esperar fóra no inverno non é fácil de resolver, e están falando cos doutores do centro de saúde para ver cal pode ser a mellor solución.

A nivel xenérico, todo é mellorable, a cota dos médicos de familia no centro de saúde de Vedra están por debaixo das 1.500 tarxetas de media, e a presión por cota non supera os 30 pacientes por día.

As ofertas públicas anuais, a prolongación da idade de xubilación, os concursos abertos e permanentes, a carreira profesional, o contrato de continuidade, as especialidades de enfermería, etc. son cuestións que si se lograron. Tamén se crearon novas prazas en medicina familiar e comunitaria, enfermería, enfermería pediátrica, farmacia, fisioterapia, etc. que se recollen no plan de atención primaria 2019-2021.

Di que o grupo de goberno presenta esta emenda transaccional e pide que se vote.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que unha moción non ten que ver coa outra.

Posta a votación, rexéitase con oito votos en contra do PP, e cinco votos a favor do PSdeG-PSOE e BNG.

## **12.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal do PP sobre o Plan de Atención Primaria de Galicia.**

Solicítase a urxencia deste punto na orde do día, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

Dáse conta da citada moción na que se solicita adoptar o seguinte:

“Acordo:





1º.- Instar á Xunta de Galicia a que siga desenvolvendo o Plan galego de atención primaria 2019-2021 e mantendo o seu compromiso coa dotación de medios humanos e materiais suficientes e necesarios na rede de atención primaria de Galicia.

2º.- Instar á Xunta de Galicia, no caso concreto do centro de saúde de Vedra a resolver de forma urxente o reforzo e mellora da atención telefónica e administrativa cos medios materiais e humanos que sexan precisos.”

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que o PP sofre a situación sanitaria que se está a vivir exactamente igual có resto da poboación e aínda así instan á Xunta de Galicia a que siga facendo o mesmo.

A Presidencia contesta que instan á Xunta de Galicia a que sigan desenvolvendo o Plan de atención primaria 2019-2021.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo vai votar en contra porque non saben cal é o plan, pero non debe ser moi bo cando segue habendo protestas no sector sanitario e cre que o compromiso de dotación de medios humanos non existe. Respecto ao segundo punto, di que o que quere o PSdeG-PSOE é unha atención presencial de calidade nos centros de saúde e nos hospitais.

A Presidencia respóndelle que en relación á petición do centro de saúde de Vedra é debido á situación concreta que se dá agora pola COVID, e no punto primeiro solicita que se fagan realidade as melloras dese plan.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que se quere solucionar o problema do centro de saúde de Vedra, a parte de solicitar atención telefónica e administrativa, que pida unha solución técnica concreta para que a xente non pase frío fóra no inverno.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco en contra do PSdeG-PSOE e BNG.

### **13.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal do BNG sobre da prolongación ao ano 2021 do Día das Letras dedicado a Carvalho Calero.**

Solicítase a urxencia deste punto na orde do día, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

Dáse conta da citada moción na que se expón que a crise sanitaria provocada pola COVID-19 provocou a anulación ou o adiamento do calendario cultural galego.

Unha das efemérides culturais anuais de grande calado e recoñecemento social é a celebración do Día das Letras Galegas o 17 de maio.



As medidas de confinamento, as fases de desescalada, a suspensión das aulas presenciais nos centros de ensino, así como as continuas medidas de distanciamento social e protocolos de prevención sanitaria que se viñeron aplicando e nos que aínda, con tantas incertezas perante as repuntas que estamos a vivir, continuamos, seguen a impedir conmemorar , como correspondería, á persoa homenaxeada ese día, Ricardo Carvalho Calero.

O BNG sumouse no pasado mes de abril a todo un plural de voces que reclamaba prolongar a memoria de Carvalho Calero no ano 2021, posto que resulta evidente que, mesmo agora xa camiño do último trimestre do ano e sen garantías sanitarias, a crise provocada pola pandemia fai imposible o desenvolvemento do ano Carvalho Calero con normalidade.

Por iso propoñen a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** O Pleno do Concello de Vedra acorda amosarse partidario da prolongación ao ano 2021 do Día das Letras dedicado a Carvalho Calero e insta á Xunta de Galicia a dirixirse formalmente á Academia Galega para así transmitirlo e solicitar formalmente.

**SEGUNDO.-** O Pleno do Concello de Vedra acorda darlle traslado do presente acordo á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, aos distintos Grupos Parlamentarios e á Academia Galega.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que Carvalho Calero foi unha das persoas imprescindibles da historia de Galicia no século XX, e cando se estude a historia contemporánea de Galicia débese estudar tamén a historia deste persoeiro, non só polo seu traballo como reintegracionista, senón polo traballo que fixo na cultura de Galicia ao intentar achegar a cultura galega á lusofonía.

Solicita o voto a favor.

A Presidencia e a portavoz do PSdeG-PSOE anuncian o seu voto a favor.

Posta a votación, apróbase por unanimidade.

#### **14º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.**

--Ás preguntas de dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia responde:

1º.- Sobre o escrito que presentou por rexistro o día 28/08/2020 respecto do servizo de limpeza dos colexios, A Presidencia contesta que o Estado sacou os protocolos de



limpeza ese mesmo día, poucos días antes do comezo das clases. Nese momento, a única persoa que tiñan no cadro de persoal destinárona ao CEIP de Ortigueira. O CPI de Vedra e as escolas unitarias cubríronse cunha empresa externa mentres non se saque a concurso e fíxose un contrato menor de tres meses para cubrir o servizo.

2º.- Respecto da páxina web municipal no perfil do contratante debería levar a visualizar os contratos de obras e servizos que se están realizando no concello e cando se entra leva ao usuario á páxina web de contratación do Estado onde é case imposible buscar algo aínda tendo o número de expediente, a Presidencia di que en canto ao perfil do contratante cumpren o establecido na lei e escolleuse a plataforma do Estado porque era a que daba soporte técnico a Deputación de A Coruña e porque era gratuíta.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que non cuestionou iso, que só pedía que ao entrar no perfil do contratante se vexan as obras que están en marcha e van á mesa de contratación e haxa un enlace que leve directamente a ese apartado concreto.

3º.- Sobre os contratos menores, a Presidencia di que cumpren coa lei e que se colgan cada tres meses no perfil do contratante e no portal de transparencia.

4º.- Respecto dos tres contratos menores adjudicados a Ferretería-Droguería El Sol. Limpiezas Germania, S.L. e a M. Baluja, a Presidencia contesta:

No caso de Droguería El Sol o primeiro é pola subministración de materiais para a ampliación da rede de abastecemento na zona norte. Pedíronse tres ofertas a empresas locais e adjudicouse por un importe de 5.921,94€. Osegundo é pola subministración de materiais para a ampliación da rede de abastecemento na zona sur. Pedíronse tres ofertas a empresas locais e adjudicouse por un importe de 1.620,21€. O terceiro é pola subministración dos materiais tipo para a realización das acometidas de auga ás vivendas. O prezo da unidade de acometida é de 255,78 € e hai unha bolsa de 15.000€.

Respecto a Limpiezas Germania S.L. existen tres contratos menores:

- 1.- Limpeza CPI de Vedra por importe de 14.520€ e tres meses de duración.
- 2.- Limpeza da biblioteca municipal e aula de informática por importe de 798.60€ e tres meses de duración.
- 3.- Limpeza de ludoteca por importe de 1.815€ e tres meses de duración.

En relación a Fromico, existen tres contratos menores:

- 1.- Limpeza casa do concello por importe de 3.085,50€ e tres meses de duración.
- 2.- Escolas unitarias por importe de 2.758.80€ e tres meses de duración.
- 3.- Centro de saúde por importe de 2.994,75€ e tres meses de duración.

Fixéronse por servizos ou edificios.

5º.- Respecto da limpadora do CEIP Ortigueira, a Presidencia di que son opinións e comentarios cos que non está de acordo e non comparte. O CEIP Ortigueira non ten destinado un conserxe, e a persoa que antes estaba alí, persoal de oficios varios, facía absolutamente de todo.



6º.- Sobre os plans da Deputación, o Rurinova e o Relevo, a Presidencia di que confundiu os nomes dos plans no pleno anterior. Os plans publicáronse na web municipal, facebook, servizo de novas e a través de bandos, dando a posibilidade de acudir ao concello para resolver as dúbidas e obter máis información.

No prazo no que estiveron abertos os programas non houbo peticións de información nin de resolución de dúbidas, e ao tratarse dun programa xestionado directamente dende a Deputación, non ten información das empresas que se presentaron.

Di que o PEL Reactiva, que está resolto dende esta semana e xa se vai publicar de xeito inmediato, está xestionado dende o concello.

7º.- Respecto aos criterios para a extensión da rede municipal de auga, a Presidencia di que cre que hai unha confusión en relación ás solicitudes de auga. Hai xente que fai a solicitude para que se lle faga directamente a acometida porque lle pasa a rede de auga por diante, e outros que solicitan a auga pero que a rede non lles pasa por diante. Nestes casos é onde o concello ten que facer previamente esa ampliación da rede.

8º.- Sobre a incidencia este da vespa velutina no concello, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que a día 27/10/2020 os avisos dados ao 012 foron 212. Deses avisos, elimináronse 98 niños, neutralizáronse 62 e 52 foron replicados, é dicir, avisos falsos, repetidos, etc.

9º.- Respecto ao plan para notificar a propietarios a limpeza das franxas de protección reguladas na Lei contra incendios forestais, a Presidencia contesta que o plan de incendios comezouse a aplicar na parroquia de San Xián porque era a máis afectada do concello e con maior incidencia de incendios.

Durante todo o ano pasado e este remitíronse requirimentos a moitos dos propietarios afectados se ben non se puido estender a toda a parroquia posto que estaban á espera de que a Xunta remitise o Plan definitivo e puxese en funcionamento a aplicación Xesbio, que sería a empregada para facer notificacións masivas.

Tendo en conta que esta aplicación está operativa desde hai pouco tempo e que actualmente só hai unha persoa neste departamento, a carga de traballo impediu avanzar máis rápido co envío de requirimentos.

Por outro lado, dicir que a non extensión a outras parroquias non quere dicir que non se estean tramitando expedientes noutras zonas, tendo agora mesmo un elevado número de expedientes de incendios en trámite e pechados durante este ano. Tamén se fixo dende o Concello unha valoración das zonas de maior risco na parroquia de San Xián e esas zonas foron notificadas xa antes do verán.

En relación ao tramo do Terrón a San Fins, nesa zona xa se realizaron notificacións e algunha parcela foi cortada; se ben agora mesmo estáselle dando prioridade ás parcelas que afectan a vivendas.



Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, sinala que eses requirimento feitos desde o verán, está claro que eses prazos non se cumpriron e entende que o concello ten que actuar de oficio.

10º.- Sobre a diferenza entre suplente e substituto do Xuíz de Paz, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Secretario que di que non vai opinar sobre a cuestión semántica, pero que a efectos prácticos, que é do que se trata, cando se elixe tanto o titular como o substituto ponse unha persoa de suplente. Esa suplencia unicamente ten efecto no caso de que ben o titular, ben o substituto, non cheguen a tomar posesión. Esta convocatoria debido ás circunstancias que se están a vivir retrasouse seis meses, e puidera suceder que a persoa designada en seis meses tivese algunha incidencia na súa vida e non quixera ou non puidera tomar posesión. Se iso fora así, estarían obrigados a abrir un novo expediente e tramitar outra convocatoria para unha nova elección dun candidato. Habendo un suplente, se non tomase posesión, tomaría posesión o suplente. Se toma posesión o suplente, sexa do titular ou do substituto, a partir de aí xa esa persoa non ten ningunha eventualidade.

Cando unha persoa toma posesión (titular ou suplente) e ao día seguinte por exemplo, enferma, quen actuaría no caso do titular sería o substituto. Só é efectiva por se a persoa designada como titular non chegase a tomar posesión por algunha circunstancia.

11º.- Respecto á falta de espazo público en San Xián a Presidencia di que é un rogo e espera que poidan avanzar na próxima semana.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, cre que é imprescindible que estea presente a aparelladora municipal.

--Ás preguntas de dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto da reunión coa Deputación sobre a cesión da DP 8203, di que a xuntanza co Presidente da Deputación foi como sempre amable e cordial e trasladoulles as necesidades desta lexislatura en relación ás estradas provinciais. Confía en que ao longa da lexislatura se acade gran parte do solicitado.

2º.- Sobre se a veciñanza de Vedra consumiu máis no comercio local a razón do programa “Hai Vedra”, a Presidencia di que non comparte as opinións.

En relación á campaña “Hai Vedra” o balance da iniciativa é moi positivo. Poden extraer esa conclusión da opinión xeneralizada de moitos dos comercios e empresas que participaron na campaña e que lles fixeron chegar a súa satisfacción con esta. Ademais, houbo unha elevada participación no sorteo que reflicte o compromiso da veciñanza coa



campaña e que supuxo posteriormente un gasto directo a través dos vales nos comercios locais que era precisamente o que se trataba de potenciar.

3º.- Sobre as axudas para o ensino e o transporte, di que xa foi debatido hoxe en pleno.

4º.- Respecto da limpeza da fachada do CPI de Vedra, A Presidencia di que xa está feita.

5º.- Sobre a retirada das bases das aulas modulares que hai no patio do CPI de Vedra, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Costa Carneiro, do PP, que di que a obra xa está feita.

6º.- Respecto da precariedade do servizo de limpeza do CPI de Vedra, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que falar de servizo en precario non é o máis axeitado, porque non é o correcto. O importante é que o centro estea en condicións normais de limpeza e agora coa COVID-19, máis se cabe, e que se cumpran os protocolos en todos os sentidos. Que se faga con máis ou menos persoal é unha cuestión da empresa.

Esa foi a petición que se lle fixo á empresa, e esta (cumprindo con todos os protocolos da COVID-19, en principio cre que son horas suficientes para que o centro estea en condicións, pero en todo caso, se fose necesario reforzar o servizo con máis horas, o compromiso do concello coa dirección do centro é que non se vai escatimar nin medios nin recursos para cumprir co protocolo COVID-19 e o centro teña un servizo de limpeza á altura das circunstancias.

De feito, xa se reforzou este servizo polas mañás para a limpeza de aseos, sala de profesores, manubrios das portas, etc.

7º.- Sobre a reparación das lousas rotas, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Costa Carneiro, que di que son conscientes. De feito, xa se comentou no pleno anterior e de que dado que é máis obra da que inicialmente se prevía, a idea é de que se faga, se é posible, cando non haxa alumnado para que non interceda no funcionamento diario das clases. Intentarán que esta obra a realice a Consellería para aforrar os cartos municipais que sobra en que investilos.

8º.- Respecto á compra de once pantallas de protección para a COVID-19 á empresa Ricarsat, pregunta se algún membro do equipo de goberno ten algún tipo de relación familiar ou laboral con esa empresa, a Presidencia di que no equipo de goberno hai un concelleiro que é traballador por conta allea desa empresa dende marzo/2018. A empresa Ricarsat é habitual provedora de servizos e produtos a diferentes concellos, entre eles o de Vedra, xa dende hai tempo, mesmo na época do goberno do PSdeG-PSOE en Vedra. Optouse por esa empresa porque nese momento tiña o equipamento en stock e a un prezo razoable.





9º.- Sobre a campaña “En negro contra a violencia” á que se adheriu o concello, a Presidencia cédelle a palabra a dona Susana García, que di que é unha campaña que se creou en Santiago coa finalidade de dar voz ás mulleres maltratadas e sensibilizar á sociedade contra a violencia machista e facer visible esta situación.

Coa adhesión á campaña adquirese o compromiso de organizar accións conxuntas cara ao 25 N e facer visible a campaña con material da mesma e o seu logotipo e personalizado co do concello.

O concello de Vedra sempre estivo sensibilizado con este tema, proba diso é que antes de unires á campaña participou e promoveu outras campañas como “A noite violeta” en setembro de 2019. Tamén forma parte da Rede galega de entidades locais contra a violencia de xénero.

En Vedra, dende que se asinou a adhesión á campaña en outubro do 2019 fixéronse os carteis e enviáronse aos centros escolares do concello, a empresas e locais comerciais para a súa participación, e mesmo a asociación Berenguela os distribuíu.

No 2019, o día 25 N organizouse unha concentración e fíxose lectura dun manifesto, repicaron as campás de todas as igrexas das parroquias do concello en homenaxe ás vítimas.

Organizouse a campaña “Eu importo”, con distribución de material, cadernos, folletos, mochilas, guías informativas de dereitos e recursos, obradoiros “Enredando no feminismo” en todas as parroquias do concello, charlas con vídeos e coloquios cunha monitora da Secretaría Xeral de Igualdade, así como un curso de defensa persoal.

O concello de Vedra participou no foro de avaliación da campaña.

En breve terá lugar unha reunión virtual o 4 de novembro para organizar accións conxuntas, e de cara ao 25N está por organizarse un concerto coa banda de Santa Cruz, “Música polo bo trato” que debido á COVID-19 ten que ser posposto por problemas de capacidade.

Tamén se fará a proxección dun vídeo realizado polos concellos de Touro, Boqueixón e Vedra, que é un retrato da realidade dos tres concellos.

Realizarase unha homenaxe ás últimas vítimas da violencia de xénero o 25 N cun encontro nunha zona aberta que se chamará “Pecha o círculo á violencia”, coas precaucións debidas por mor das circunstancias actuais, coa lectura dun manifesto.

Haberá unhas sesións de “Scape room” sobre violencia de xénero dirixidas a adolescentes e outras accións para desenvolver pendentes de aprobación ou fixar a data. Tamén se vai adquirir material como ferramenta que permita debater e facer visible este tema.

10º.- Respecto ao método para a contratación da nova monitora da ludoteca, a Presidencia di que iso de facer unha pregunta e concluír cunha sospeita antes de escoitar a resposta non lle parece prudente nin ético.

A contratación realizouse en base a un proceso de selección cuxas bases foron aprobadas con data 30/07/2020 por Decreto de Alcaldía núm. 390/2019 que regulaba a convocatoria da contratación temporal dun/dunha monitor/a de tempo libre para o servizo de madrugadores e ludoteca municipal de Vedra para cubrir as baixas, permisos,



licenzas do persoal contratado, despois de non atopar candidatos dispoñibles na bolsa de emprego temporal convocada en 2017 para este posto.

Dito proceso de contratación por concurso de méritos realizouse previa presentación de oferta pechada da oficina de emprego despois da publicación da convocatoria na web municipal, servizo de novas, taboleiro de anuncios, bandos, etc.

11º.- Sobre o convenio de colaboración con Boqueixón no mantemento da ludoteca, polo menos na proporción de veciños de Boqueixón que sexan usuarios da mesma, a Presidencia di que é unha opinión que comentará cos responsables de Boqueixón.

12º.- Respecto da escasa actividade da Aula Cemit, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Caldelas González que di que o curso de informática impartíuse gratuitamente a través do SLG dentro dunha colaboración coa asociación de veciños de San Miguel e o Departamento de promoción económica do concello, tal e como reflicte o cartel do mesmo, polo tanto non é de todo certo que o concello non atenda ese espazo.

Estanse a programar novos cursos e actividades na aula Cemit ao igual que outras actividades de promoción empresarial e económica. Aproveita para convidalos a unhas xornadas de casos de éxitos empresariais que terán lugar durante o mes de novembro sempre e cando a situación actual o permita.

13º.- Sobre como van as reunións para a creación do Centro de Día, a Presidencia di que están pendentes de que ese acordo sexa aprobado no concello de Boqueixón, xa que aínda non foi a Pleno. Cando se aprobe en Boqueixón crearase de xeito inmediato a comisión que viña establecida no punto 4 do acordo.

14º.- Respecto do arranxo da varanda de madeira existente no local social de San Xián, a Presidencia di que toman nota.

15º.- Sobre o folleto coa guía de empresas, a Presidencia di que a campaña “Hai Vedra” foi deseñada pola empresa E-ló?, domiciliada en Vedra. En canto a se é lexible ou non dicir que a guía editouse en tamaño A4 co cal non observa problema para a súa lectura, polo demais está ante unha cuestión de deseño que pode gustar máis ou menos.

Engadir en relación ao comentario da concelleira sobre que a guía de empresas foi un “corta e pega” da anterior e que se incluíron empresas que non existen, aclarar que este traballo foi levado a cabo por un equipo de 4 traballadores do concello que dedicaron moitas horas a chamar unha por unha a todas e cada unha das empresas que figuraban na guía anterior para confirmar os seus datos e se desexaban continuar figurando na mesma. No caso concreto de “Queixerías do Ulla”, esta empresa manifestou o seu desexo de seguir figurando.

A maiores diso, realizáronse diversas reunións de traballo para analizar que novas empresas había no concello para poder incluílas e déuselle publicidade a través das



redes sociais municipais un chamamento a todas as empresas de Vedra para ser incluídas na guía, figurando ademais ao final da mesma un texto informativo cun correo de contacto por se algunha empresa non figurase nesta ou por se había algún dato incorrecto, distribuíndose en total 1600 guías. Por todo isto é totalmente falso que a guía actual sexa unha reprodución da anterior, nin é admisible o desprestixio do traballo realizado por persoal municipal que se fixo coa maior dilixencia posible e tratando de solucionar o antes posible calquera erro que a guía puidese ter.

--Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez, do BNG, a Presidencia responde:

1º.- Sobre a lagoa de Bazar, a Presidencia responde que lle parece unha boa idea e que o van intentar.

2º.- Respecto a se os folletos da Vía da Prata existen en portugués, a Presidencia di que si existen e xa os solicitaron.

3º.- Sobre a revisión e estabilización da estrutura do muíño que está pegado á lagoa no río Pereiro, a Presidencia di que efectivamente si está en Vedra e teñen que actuar para aseguralo e que non haxa problemas.

En relación a que se fixera unha praia fluvial en Agronovo, a Presidencia di que poden estudalo e valoralo, pero quere sinalar que ten vantaxes e inconvenientes. Farán un estudo e despois tomarán a decisión cando teñan todos os datos.

4º.- Respecto da actualización dos equipos da Aula Cemit, a Presidencia, dio que está de acordo e intentarán acometer esa inversión no ano 2021.

--Ás preguntas de dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia responde:

1º.- Respecto a se se pode visitar o arquivo histórico, que horarios ten, se hai que solicitar permiso e se abre exclusivamente para investigadores, a Presidencia cédelle a palabra a dona Diana Varela que di que non existen visitas guiadas. Poden acceder os investigadores sempre e cando o soliciten no concello a través de rexistro.

No que se refire á páxina web, o persoal do departamento díxolle que é viable e que hai que estudar as formas e maneira de como vai ser mellor estruturalo na páxina web.

2º.- Sobre se xa está a traballar a técnica de turismo e se fai visitas guiadas a persoas de fóra do concello, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Costa Carneiro que di que si está traballando. Está contratada desde o 11 de agosto e dentro das tarefas que se lle encomendaron cando se incorporou foi a de preparar unha acción de visitas guiadas polo concello. Xa está o proxecto definido pero a situación da evolución da pandemia retrasou o seu desenvolvemento.

**15º.- Rogos e preguntas.**



--Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Cal é o motivo para que na Xunta de Goberno do 15 de outubro onde se publican as indemnizacións por asistencias dos membros da corporación do 3º trimestre non figura o Sr. González Couto.

A Presidencia di que é porque non cobra indemnizacións. A Presidencia aparece pola quilometraxe. O motivo de que non figure é porque non cobra indemnizacións nin quilometraxe.

2º.- Existe unha Resolución de Alcaldía do día 23 de setembro coa aprobación das bases dun oficial de segunda tractorista cunha duración de seis meses a xornada completa para reforzo e atención das tarefas de limpeza e conservación de camiños. Non atopa as bases, e pregunta se non teñen que ser públicas, se están publicadas e se xa está contratada esa persoa.

3º.- Existe unha Resolución da Alcaldía do 28 de setembro ordenando a execución subsidiaria de traballos de biomasa para prevención e defensa contra incendios en parcelas particulares. Solicita coñecer de que parcelas se trata e que procedemento pensan seguir.

--Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Solicita o arranxo e posta a punto das áreas recreativas do concello.

2º.- Pregunta como vai a segunda fase da pista de rodadura de Vedra que fora posposta por falta de orzamento.

3º.- Pregunta canto se aforrou durante a pandemia dado que se suspendeu o contrato a Acofide e Ana Naya, S.L.

4º.- Solicita o censo de veciños para o próximo pleno.

5º.- Solicita coñecer a débeda de provedores coa que se vai pechar o ano 2020, e espera que sexan austeros no gasto e non coloquen as luces de Nadal.

6º.- Xa que a Presidencia falou de ter máis recursos para atender á xente, ánimoos a que se fagan un pequeno recorte salarial os tres que teñen dedicación.

7º.- Sinala que con Ricarsat, xa se traballaría na época de Odón Cobas, pero daquela non había un concelleiro no equipo de goberno que traballara nesa empresa.

8º.- Solicita que actualicen as taxas na páxina web municipal.



9º.- Solicita que os folletos das liñas de transporte estean nas casas antes de que comece a funcionar.

10º.- Pregunta cal é a franxa de seguridade contra incendios nas estradas da Xunta de Galicia e da Deputación de A Coruña.

11º.- Solicita que o equipo de goberno inste a Abanca para que coloque un dispensador de xel hidroalcolico no caixeiro de Santa Cruz, e que lle trasladen a petición a Boqueixón para que fagan o mesmo na de Lestedo.

12º.- Pregunta como funcionaron os bonos da campaña “Hai Vedra”

--O Sr. García Cutrín, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Solicita o arranxo do acceso na ferverza do río Pereiro para chegar ata abaixo.

2º.- Solicita o arranxo do paso de peóns xunto a escola de San Fins con sinais ou dalgún xeito antes de que ocorra unha desgraza.

3º.- Solicita un colector de vidro para San Fins, que xa foi solicitado no pleno de xuño.

4º.- Solicita que se retire un pino que está tirado en Picón á beira da estrada, xa que leva moito alí e pode provocar un accidente.

5º.- Solicita unha zona de aparcamento para caravanas en Santa Cruz. Cre que sería un bo lugar na zona do CEIP Ortigueira.

6º.- Pregunta se está terminada e se vai colocar a estatua da Camelia.

--O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, pregunta:

1º.- Solicita que revisen os horarios de entrada e saída dos centros de bacharelato de pola mañá e o dos autobuses.

--Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Solicita que insten ás familias que teñen o SAF, que cando estean as traballadoras no domicilio utilicen a máscara.

2º.- Pregunta se están a cumprir o cociente de 4+1 nas actividades deportivas e culturais do concello.

Conclúe ao fío das vinte e catro horas.